

Acta 1ª reunión Grupo Coordinador

Data: 9/11/11 20:00h Lugar: local en Ángel Rebollo,57 Asisten: Tomi, Pepe, Tono, Carmen, Patxi Acta: Patxi

Orde do día:

- a) Clarificación das funcións do grupo coordinador
- b) Temas pendentes

- a) Funcións do grupo coordinador

Acórdase, en base o xa falado nas asembleas, que as funcións do grupo coordinador deben ser basicamente dúas: 1. Asumi-la iniciativa e a coordinación do proceso de elaboración do dossier. 2. Resolve-las cuestións urxentes que xurdan entre as reunións da asemblea, de modo que se acade maior operatividade, mais sendo escrupulosos con non excederse (non suplanta-la asemblea).

- b) Temas pendentes

Dossier: Cada grupo ten traballo por diante; agora o importante e arrincar e xa despois virá a labor de coordinación entre os mesmos.

Rede Transibérica: O grupo de comunicación contactará coa Rede para amosar interese en incorporarse á mesma, mais notificando que a decisión de formar parte está pendente da celebración da próxima asemblea.

Acceso ó cárcere do grupo de infraestruturas: Acórdase que Tono e Sandra se acheguen ó CIS para falar con Ignacio e consultarlle se existen planos do cárcere, e de non ser así, convencelo de que nos facilite o acceso.

Carta/reunión co alcalde: Tomi encárgase de inicia-la redacción dunha carta que lle dirixiremos ó alcalde solicitando unha reunión con el para falar da inclusión nos Orzamentos Municipais do ano 2012 dunha partida económica que permita desenvolver actividades no cárcere (como as que tiveron lugar este ano, e non só para Proxecto Cárcere senón en xeral). É moi urxente pois o día 17 péchanse os Orzamentos.

Relación con asociacións/procesos de interese da cidade: Coincidimos na importancia da existencia dun espazo de referencia para os distintos movementos do ámbito social-cultural-político que se desenvolven na cidade, de cara a xerar sinerxias, intercambios e aprendizaxes mutuos. Tamén de ter relación e coñecemento doutros

procesos con moitos paralelismos co noso, como a Okupa de Palavea. Por exemplo, agora sería o momento de xuntar forzas de cara a reclamar ó Concello que poña fin á política de retirar as axudas municipais ó tecido asociativo coruñés. Fálase da posibilidade de toma-la iniciativa de convocatoria dende a nosa plataforma, mais finalmente óptase por indagar sobre a existencia de liñas de traballo comúns entre distintos grupos da cidade que se poidan atopar en marcha (Robin Hood, Observatorio cidadán, etc.). Carmen e Patxi encargaranse de procurar información.